


Lois Ángel Sánchez Pereiro, máis coñecido por Lois Pereiro, naceu en Monforte de Lemos (Lugo), o 16 de febreiro de 1958 e morreu na Coruña, en 1996.

Despois de facer os estudos elementais en Monforte marchou, con dezasete anos, a Madrid a estudar na súa universidade a carreira de Socioloxía, aínda que, sen que rematase o primeiro trimestre, voltou de novo a Monforte para traballar na cristalería familiar.



No seu libro póstumo «Poemas para unha loia» recóllense as poesías que publicou durante o tempo que pasou estudando en Madrid.

Ao ano seguinte regresou a Madrid para estudar na Escola Oficial de Idiomas, francés, inglés e alemán. Durante este tempo participa na elaboración da revista «Loia», xunto co seu irmán Xosé Manuel, Manolo Rivas, Antón Patiño e outros galegos afincados en Madrid. Desta revista só se edi-

taron catro números e todos eles realizados con fotocopias.

No ano 1981, xa con graves problemas de saúde por mor da intoxicación con aceite de colza adulterado, regresa definitivamente a Galicia, onde colabora en varias antoloxías poéticas «De amor e desamor» (1984 e 1985) e tamén na revista «Luzes de Galiza», onde publicará oito capítulos dunha novela que deixará sen rematar: «Náufragos do paradiso».

Publicou, en vida, dous libros de poemas: «Poemas, 1981/1991» e «Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995».

No seu libro póstumo «Poemas para unha Loia», recóllense versos escritos durante a súa estada madrileña e que foran publicados na revista «Loia» e tamén a súa obra «Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia».



Lois Pereiro, á dereita, co seu irmán Xosé Manuel, nunha foto do colexio dos Salesianos de Monforte de Lemos.
Arquivo familiar Sánchez Pereiro.

POEMA A ÁNXEL FOLE

E líquidos telúricos, a terra
que se soña a si mesma e se fai
lenda.

O murmurio invernall
o vran no voo das vésperas ó sol
e o lume coa viciosa liturxia do candil
sombras letais
na quente perspectiva das lareiras
cerimonia das intrigas da infancia.
Algo para crer algo
auto de fe.


Terra e máis terra brava
brava mais maina e cruel
violenta, visceral,
secreta, infame, inmemorial,
amada, fole, a terra
anxel, fole e a morte
a morte anxel a morte
en ti
the end.

Lois Pereiro



*En Valdeorras, Ourense, no verán de 1975.
Arquivo familiar Sánchez Pereiro.*

LETRAS GALEGAS 2011



**LOIS
PEREIRO**
(1958-1996)



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA
CEIP PRAIA DE QUENXE CORCUBIÓN



EQUIPO DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA
CEIP FERNÁNDEZ LATORRE A Coruña



EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA
CEIP W. FERNÁNDEZ FLÓREZ
CAMBRE-A CORUÑA



EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA
GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA